

**IES RAMÓN OTERO PEDRAYO**  
**PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**  
Curso 2023/2024

**Xefe do departamento: Carlos E. Gallo Sevilla**

## ÍNDICE

- 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**
- 2. OBXECTIVOS XERAIS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**
- 3. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS**
  - 3.1. Planificación xeral:**
    - 3.1.1. Constitución do Departamento de Orientación**
    - 3.1.2. Orientadores**
    - 3.1.3. Plan de reunións dos membros do departamento**
    - 3.1.4. Coordinación con outros membros da comunidade educativa**
    - 3.1.5. Actividades complementarias planificadas polo departamento para o curso 2023/2024**
    - 3.1.6. Aula específica de educación especial**
  - 3.2. Accións prioritarias:**
    - 3.2.1. No ámbito da acción tutorial**
      - 3.2.1.1. Respecto ao profesorado**
      - 3.2.1.2. Respecto ás familias**
      - 3.2.1.3. Respecto ao centro**
      - 3.2.1.4. Respecto ao alumnado**
    - 3.2.2. No ámbito da orientación académica e profesional**
      - 3.2.2.1. Respecto ao profesorado**
      - 3.2.2.2. Respecto ás familias**
      - 3.2.2.3. Respecto ao alumnado**
      - 3.2.2.4. Outras**
    - 3.2.3. No ámbito da atención á diversidade**
      - 3.2.3.1. Respecto ao profesorado**
      - 3.2.3.2. Respecto ao alumnado**
      - 3.2.3.3. Respecto ás familias**
      - 3.2.3.4. Respecto ao centro**
      - 3.2.3.5. Outras**
      - 3.2.3.6. Apoio do profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe**
      - 3.2.3.7. Aportacións do departamento ao proxecto lector e plan anual de lectura**

**4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**

**5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN**

**6. PROGRAMACIÓN XERAL DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE**

## 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O labor orientador, no marco da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, e da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, debe contribuír ao logro dos principios básicos que nelas se propoñen:

- Inclusión educativa.
- Educación de calidade para todo o alumnado.
- Equidade na educación que garanta a igualdade de oportunidades.
- Esfuerzo compartido por todas as persoas que compoñen a comunidade educativa.

A nova lei adopta un enfoque de igualdade de xénero a través da coeducación e fomenta a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual, introducindo a orientación académica e profesional con perspectiva inclusiva e non sexista e considerándoa como un dos factores que favorecen a calidade da ensinanza.

Por outra parte, a escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo deberá estar rexida polos principios de inclusión e participación, calidade, equidade, non discriminación e igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo e accesibilidade universal para todo o alumnado.

Dentro deste marco lexislativo, a orientación ten que ser entendida como un proceso permanente, responsabilidade de todo o equipo docente e coordinado pola persoa orientadora. Ademais, ha de ser **sistemática, planificada e sistémica** (é dicir, dirixirse a todos os sectores da comunidade educativa, xa que todos eles forman un sistema no que as relacións que se establecen entre os seus membros inflúen en todos os demais e en si mesmos).

A orientación educativa e profesional desenvólvese, de acordo co establecido no Decreto 120/98 polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve, nos tres niveis que estruturan a organización escolar:

- na aula, **acción titorial**.
- no centro, **departamento de orientación**.
- servizos externos, **equipos de orientación específicos**.

O modelo de intervención do departamento de orientación, tratará de adecuarse ás necesidades que vaian xurdindo, tendo en conta a quen van dirixidas as actuacións, e o contexto no que se desenvolven. Estruturarase en **programas** que se axusten aos tres principios fundamentais de **prevención, desenvolvemento e intervención social**.

Para o desenvolvemento das súas funcións o departamento de orientación actuará en tres ámbitos interrelacionados: **acción tutorial, atención á diversidade e orientación académica e profesional**.

Para realizar este plan debemos partir dunha análise do proxecto educativo e da memoria anual do departamento de orientación, tendo en conta as características dos diferentes membros que compoñen a comunidade educativa, é dicir, a contorna socio-cultural, centro, alumnado e familias.

## **2. OBXECTIVOS XERAIS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

- a. Dar a coñecer as súas funcións ao profesorado de novo ingreso e ás familias e sensibilizar aos distintos sectores da comunidade educativa da súa importancia para contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado.
- b. Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa concreta e individualizada.
- c. Colaborar na prevención das dificultades de aprendizaxe ou problemas de desenvolvemento persoal e social e na intervención, cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado.
- d. Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.
- e. Contribuír á axeitada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
- f. Resaltar os aspectos orientadores da educación: "orientación en e para a vida", atendendo ao contexto real do alumnado e ao futuro que poida proxectar para si mesmo, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais.
- g. Promover a orientación educativa e profesional.

- h. Impulsar a acción tutorial, colaborando e asesorando ao profesorado titor na planificación de actividades axeitadas ás necesidades do grupo-clase e nas actuacións individuais cos seus titorandos.
- i. Coordinar as accións de orientación e tutoría do centro.
- j. Orientar e implicar ás familias na educación dos seus fillos e fillas.
- k. Potenciar a colaboración con outros departamentos de orientación da zona, co equipo de orientación específico, cos servizos sociais dos concellos e centros de saúde da zona e con calquera outra institución pública ou privada que poida contribuír a unha mellor formación do profesorado, familias e alumnado.
- l. Garantir o apoio e o acompañamento emocional do alumnado.

### 3. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

#### 3.1. Planificación xeral

**3.1.1. Constitución do Departamento de Orientación:** de acordo co establecido no artigo 53 da Orde do 1 de agosto de 1997 *polo que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento*, constitúese o departamento de orientación, cos seguintes membros:

NOME	FUNCIÓN
<b>Barandela Prieto Lorena</b>	Mestra de pedagogía terapéutica
<b>Blanco Nespereira M<sup>a</sup> Isabel</b>	Orientadora
<b>Castro Mangana María Josefa</b>	Mestra de pedagogía terapéutica
<b>Domarco López Yolanda</b>	Titora da ESO-ámbito científico-tecnolóxico
<b>España Fariñas Lucía</b>	Mestra de pedagogía terapéutica compartida co CEIP Irmáns Villar
<b>Gallo Sevilla Carlos Enrique</b>	Xefe do departamento de orientación

<b>García Cid Cristina</b>	Titora da ESO-ámbito lingüístico
<b>Rodríguez Martínez Mónica</b>	Mestre de audición e linguaxe

**3.1.2. Orientadores:** co fin de optimizar o labor orientador, repartiranse o traballo da ESO e do bacharelato, no réxime ordinario, por cursos (rotando cada ano académico); e asumindo cada un a xefatura do departamento e a atención ás ensinanzas das persoas adultas (ESA e bacharelato) durante catro anos académicos. Deste xeito, no curso 2023/2024, estruturarase do seguinte xeito:

- M<sup>a</sup> Isabel Blanco Nespereira: educación das persoas adultas, 1º ESO, 3º ESO e 1º bacharelato.
- Carlos Enrique Gallo Sevilla: xefatura de departamento e atención a 2º ESO, 4º ESO e 2º bacharelato.

**3.1.3. Plan de reunións dos membros do departamento:** o profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe reunirse cos orientadores unha vez ao mes, como mínimo (no curso actual, luns ás 19:30, a través da plataforma Webex). As reunións co profesorado titor celebraranse cando se estime necesario, previa convocatoria por parte da xefatura do departamento.

**3.1.4. Coordinación con outros membros da comunidade educativa:**

- **Co equipo directivo**, de cara a promover, coordinar e facilitar o deseño e desenvolvemento das actividades de orientación e tutoría, así como procurar a dispoñibilidade de espazos e tempos axeitados e recursos humanos e materiais para a execución das mesmas.
- **Co profesorado titor**, para o deseño e desenvolvemento do plan de acción tutorial e o seguimento dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- **Co profesorado** en xeral, para organizar o proceso de ensino-aprendizaxe de xeito que se dirixa á educación integral e personalizada dos alumnos e alumnas, para asesoralos na implementación das oportunas medidas de atención á diversidade e para realizar o oportuno seguimento destas medidas.

- **Cos servizos sociais e co servizo de Menores**, para a colaboración na detección de situacións de risco dos menores e na intervención para mellorar as condicións persoais e familiares.
- **Cos departamentos de orientación dos centros adscritos** (CEIP Amadeo Rodríguez Barroso, CEIP Irmáns Villar e CEIP Inmaculada): manteranse encontros periódicos co fin de unificar criterios de actuación no labor orientador.
- **Outros**: coa asociación de nais e pais do alumnado, a través da súa presidencia; cos responsables de programas de prevención e intervención (Cruz Vermella, educación familiar do Concello, Concellería de Saúde...) para organizar actividades conxuntas dirixidas á comunidade educativa.

**3.1.5. Actividades complementarias planificadas polo departamento para o curso 2023/2024:** están programadas as seguintes actividades e, ao longo do curso, pódense incorporar máis, segundo a oferta:

ACTIVIDADE	RESPONSABLES	CURSO
Programa VIXÍA: <b>habilidades sociais e resolución de conflitos</b>	Concellería de Saúde do Concello de Ourense	1º ESO
Engánchate ao voluntariado	APES. Prevención e educación social	1º ESO
Programa VIXÍA: <b>internet e redes sociais</b>	Concellería de Saúde do Concello de Ourense	1º ESO
Programa de prevención de condutas violentas: <b>acoso escolar + HHSS</b>	Cruz VermellaXuventude	2º ESO
<b>Prevención do suicidio</b>		2º ESO
Educación para a Saúde: <b>Prevención consumo de drogas</b>	Cruz VermellaXuventude	2º ESO
Programa VIXÍA: <b>Educación para a saúde: VIXIA. As novas adicións. Non pasa nada, pasa algo?</b>	Concellería de Saúde do Concello de Ourense	3º ESO
<b>Educación afectivo-sexual</b>	Quérote +	3º ESO
Programa de prevención de condutas violentas: <b>uso das TICs e as redes sociais-ciberacoso</b>	Cruz VermellaXuventude	3º ESO
Adición ás novas tecnoloxías	<b>CIMO</b>	4º ESO
Programa de prevención de condutas violentas: <b>violencia de xénero</b>	Cruz VermellaXuventude	4º ESO
Programa VIXÍA: trastornos de alimentación	Concellería de Saúde do Concello de Ourense	4º ESO



**3.1.6. Aula específica de educación especial: no curso actual, están escolarizados dous alumnos nesta aula:**

- Unha alumna de 3º ESO, que se escolariza en modalidade combinada co CEE Ilustre Mestre e acode ao IES os luns e os martes, en horario de 08:30 a 14:00.
- Un alumno de 3º ESO, en modalidade combinada co CEE Miño, e que permanece no IES os mércores, xoves e venres, en horario de 08:30 a 14:00.

Para a atención a este alumnado, contaremos cos seguintes recursos humanos: especialista en audición e linguaxe, especialista en pedagogía terapéutica e auxiliar educativa.

As funcións da auxiliar educativa son:

- Colaborar nos traslados do alumnado que precise nos cambios de actividade, entradas e saídas do centro, co obxectivo de fomentar o desprazamento autónomo do alumnado.
- Colaborar no desenvolvemento da autonomía persoal desenvolvendo hábitos básicos de hixiene
- Afianzamento e desenvolvemento das capacidades do alumnado con necesidades educativas especiais en aspectos físicos, afectivos, cognitivos e comunicativos, promovendo o maior grao posible de autonomía persoal e de integración social.
- Colaborar de xeito activo na atención, vixilancia e coidado deste alumnado nos periodos de lecer, procurando unha axeitada relación cos demais.
- Colaborar nas saídas, excursións, festas programadas na PXA que afecten ao alumnado con necesidades educativas especiais. Neste senso, como norma xeral, sempre que os nenos teñan unha saída fora do Centro deberán ir acompañados pola coidadora para estar pendente de labores tales como alimentación, hixiene, ir ao servizo.

## 3.2. **Accións prioritarias**

### 3.2.1. **NO ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL**

#### **3.2.1.1. *Respecto ao profesorado:***

- Aportar aos titores e titoras o material necesario para o desenvolvemento do PAT. O departamento de orientación entregará un cuestionario, que debe cubrir o alumnado, co fin de coñecer datos persoais e académicos relevantes sobre o alumnado e recoller información sobre a súa situación educativa e emocional. O profesorado titor remitirá os cuestionarios ao orientador correspondente para a súa análise e posterior entrevista co alumnado que se determine, segundo as respostas do cuestionario. Serán devoltos ao profesorado titor para que os lea e custodie.
- Colaborar na análise das necesidades do profesorado titor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción titorial, así como asesoramento aos equipos e ao profesorado individual.
- Colaborar no seguimento, avaliación e revisión do PAT, como instrumento dunha educación de calidade.

#### **3.2.1.2. *Respecto ás familias:***

- Cooperar na relación titores/as-familias para a solución de problemas que afecten aos seus fillos e fillas.
- Propor actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos.

#### **3.2.1.3. *Respecto ao centro:***

- Colaborar co equipo directivo na elaboración de criterios para otorgar as titorías.
- En relación coa **promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos**:
  - Asesorar e participar no seguimento e avaliación do plan de convivencia.
  - Colaborar na diagnose do estado da convivencia no centro.
  - Promover a sensibilización dos distintos axentes educativos sobre a importancia da convivencia como elemento fundamental para o desenvolvemento persoal e social.

- Dinamizar as medidas que se propoñan para a mellora da convivencia no centro e na promoción de condutas tolerantes.
- Coordinar, en colaboración coa xefatura de estudos, a aula de convivencia; e elaborar material específico para levar a cabo co alumnado remitido á ela.
- Diseñar actuacións para o alumnado con problemas continuados de conduta, levando a cabo con eles programas de intervención individuais e colectivos.

#### **3.2.1.4. *Respecto ao alumnado:***

- Coordinar accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo (*ver propostas no ámbito da orientación académica e profesional*).
- Asistir aos distintos grupos e niveis da ESO, para desenvolver actividades específicas de orientación previstas no PAT e no Plan de Orientación Académica e Profesional.
- Asesorar e prestar apoio individual ao alumnado segundo as demandas e necesidades que vaian xurdindo.
- Potenciar actividades formativas dirixidas ao alumnado.

No marco do Plan de Acción Titorial, no presente curso académico prográmanse as seguintes actividades a desenvolver co alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, por parte do profesorado titor e de profesionais externos ao centro, coa colaboración do departamento de orientación:

1º ESO:

TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓN	BLOQUE	RESPONSABLES
PRIMEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acollida.</li> </ul>	CONVIVIR	Equipo directivo Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación da programación da hora lectiva de tutoría.</li> <li>• Cuestionario persoal.</li> </ul>		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Normas do centro e da aula.</li> <li>• Dereitos e deberes.</li> <li>• Elección de delegado/a.</li> </ul>	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Avaliación inicial: aptitudes intelectuais.</li> </ul>	PENSAR	Xefatura departamento orientación
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Técnicas e hábitos de estudo</b></li> <li>• <b>Programa VIXÍA: habilidades sociais e resolución de conflitos (2 sesións)</b></li> <li>• Sesión preavaliación.</li> <li>• Avaliación das actividades do trimestre</li> </ul>	CONVIVIR SER PERSOA	Concellería de Saúde do Concello de Ourense Profesorado titor
SEGUNDO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sesión postavaliación.</li> </ul>		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Convivencia:</b> clima da aula. / Sociograma</li> </ul>	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Prevenición do acoso escolar.</b></li> </ul>	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Enganchate ao voluntariado</b></li> </ul>	CONVIVIR	APES. Prevenición e educación social
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sesión preavaliación.</li> <li>• Avaliación das actividades do trimestre.</li> </ul>		Profesorado titor
TERCEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sesión postavaliación.</li> </ul>		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Programa VIXÍA: internet e as redes sociais (2 sesións)</b></li> </ul>	CONVIVIR	Concellería de Saúde do Concello de Ourense
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Desenvolvemento emocional e autoestima.</b></li> </ul>	SER PERSOA	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Orientación académica e profesional.</b></li> </ul>	DECIDIR	Profesorado titor Xefatura departamento orientación
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sesión preavaliación.</li> <li>• Avaliación das actividades do trimestre e avaliación final.</li> </ul>		Profesorado titor

En cada trimestre inclúiranse, ademais, actividades relativas a distintas celebracións (día dos dereitos humanos, muller, violencia de xénero, paz...)

2º ESO:

TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓN	BLOQUE	RESPONSABLES
PRIMEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Acollida.</li> </ul>	CONVIVIR	Equipo directivo Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación da programación da hora lectiva de titoría.</li> <li>Cuestionario persoal.</li> </ul>		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Normas do centro e da aula.</li> <li>Dereitos e deberes.</li> <li>Elección de delegado/a.</li> </ul>	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Técnicas e hábitos de estudo.</b></li> </ul>	PENSAR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Programa de prevención de condutas violentas: acoso escolar + habilidades sociais (3 sesións)..</b></li> </ul>	CONVIVIR	Cruz Vermella
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sesión preavaliación.</li> <li>Avaliación das actividades do trimestre.</li> </ul>		Profesorado titor
SEGUNDO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sesión postavaliación.</li> </ul>		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Convivencia:</b> clima da aula. / Sociograma</li> </ul>	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Desenvolvemento emocional e autoestima.</b></li> </ul>	SER PERSOA	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Prevención do suicidio.</b></li> </ul>	SER PERSOA	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sesión preavaliación.</li> <li>Avaliación das actividades do trimestre.</li> </ul>		Profesorado titor
TERCEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sesión postavaliación.</li> </ul>		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Interculturalidade e solidariedade</b></li> </ul>	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Educación para a saúde: prevención do consumo de drogas (3 sesións).</b></li> </ul>	SER PERSOA	Cruz Vermella
	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Orientación académica e profesional.</b></li> </ul>	DECIDIR	Profesorado titor Xefatura departamento orientación
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sesión preavaliación.</li> <li>Avaliación das actividades do trimestre e avaliación final da titoría.</li> </ul>		Profesorado titor

En cada trimestre inclúiranse, ademais, actividades relativas a distintas celebracións (día dos dereitos humanos, muller, violencia de xénero, paz...)

3º ESO:

TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓN	BLOQUE	RESPONSABLES
PRIMEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Acollida.</li> </ul>	CONVIVIR	Equipo directivo Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación da programación da hora lectiva de titoría.</li> <li>Cuestionario persoal.</li> </ul>		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Normas do centro e da aula.</li> <li>Dereitos e deberes.</li> <li>Elección de delegado/a.</li> </ul>	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Técnicas e hábitos de estudo.</b></li> </ul>	PENSAR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Educación para a saúde: VIXIA. As novas adicións. Non pasa nada, pasa algo? (2 sesións).</b></li> </ul>	SER PERSOA	Concellería de Saúde do Concello de Ourense
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sesión preavaliación.</li> <li>Avaliación das actividades do trimestre</li> </ul>		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sesión postavaliación.</li> </ul>		Profesorado titor
	SEGUNDO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Convivencia:</b> clima da aula. / Sociograma</li> <li><b>Habilidades sociais.</b></li> <li><b>Desenvolvemento emocional</b></li> </ul>	CONVIVIR
<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Educación afectivo-sexual (2 sesións).</b></li> </ul>		CONVIVIR SER PERSOA	Profesorado titor
<ul style="list-style-type: none"> <li>Sesión preavaliación.</li> <li>Avaliación das actividades do trimestre.</li> </ul>		SER PERSOA	Quérote + Profesorado titor
<ul style="list-style-type: none"> <li>Sesión postavaliación.</li> </ul>			Profesorado titor
<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Programa de prevención de condutas violentas: uso das TICS e as redes sociais-ciberacoso (2 sesións).</b></li> </ul>		CONVIVIR	Cruz Vermella
TERCEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Educación vial.</b></li> </ul>	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Orientación académica e profesional.</b></li> </ul>	DECIDIR	Profesorado titor Xefatura departamento orientación
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sesión preavaliación.</li> <li>Avaliación das actividades do trimestre e avaliación final da titoría.</li> </ul>		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sesión postavaliación.</li> </ul>		Profesorado titor

En cada trimestre inclúiranse, ademais, actividades relativas a distintas celebracións (día dos dereitos humanos, muller, violencia de xénero, paz...)

4º ESO:

TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓN	BLOQUE	RESPONSABLES
PRIMEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acollida.</li> </ul>	CONVIVIR	Equipo directivo Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación da programación da hora lectiva de titoría.</li> <li>• Cuestionario persoal.</li> <li>• Normas do centro e da aula.</li> <li>• Dereitos e deberes.</li> <li>• Elección de delegado/a.</li> </ul>		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Técnicas e hábitos de estudo.</b></li> </ul>	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Adicións novas tecnoloxías</b></li> </ul>	PENSAR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sesión preavaliación.</li> <li>• Avaliación das actividades do trimestre</li> </ul>	SER PERSOA	CIMO
			Profesorado titor
SEGUNDO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sesión postavaliación.</li> </ul>		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Convivencia:</b> clima da aula. / Sociograma</li> </ul>	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Desenvolvemento emocional</b></li> <li>• <b>Habilidades sociais.</b></li> </ul>	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Programa de prevención de condutas violentas (3 sesións):</b> ✓ <b>Violencia de xénero.</b></li> </ul>	CONVIVIR	Cruz Vermella
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sesión preavaliación.</li> <li>• Avaliación das actividades do trimestre.</li> </ul>		Profesorado titor
TERCEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sesión postavaliación.</li> </ul>		Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Programa vixía: Educación para a saúde: alimentación (2 sesións).</b></li> </ul>	SER PERSOA	Concellería de Saúde do Concello de Ourense
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Educación vial.</b></li> </ul>	CONVIVIR	Profesorado titor
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Orientación académica e profesional.</b></li> </ul>	DECIDIR	Profesorado titor Xefatura departamento orientación
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sesión preavaliación.</li> <li>• Avaliación das actividades do trimestre e avaliación final da titoría.</li> </ul>		Profesorado titor

En cada trimestre inclúranse, ademais, actividades relativas a distintas celebracións (día dos dereitos humanos, muller, violencia de xénero, paz...).

### **3.2.2. NO ÁMBITO DA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL**

#### ***3.2.2.1. Respecto ao profesorado:***

- Coordinar o proceso de desenvolvemento do Plan de Orientación Académica e Profesional, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.
- Potenciar a colaboración de todo o profesorado na orientación académica e profesional do alumnado, informándoo sobre as aplicacións profesionais das súas respectivas materias e asesorándoo sobre a elección de optativas e itinerarios.

#### ***3.2.2.2. Respecto ás familias:***

- Orientar ás familias sobre as opcións académicas e profesionais que se lle ofrecen aos seus fillos e fillas; así como das axudas económicas para realizar os seus estudos posteriores, a través de entrevistas individuais e reunións colectivas, se é o caso.
- Ofrecer asesoramento máis específico a aquelas familias con fillos/as que presenten necesidades específicas de apoio educativo.

#### ***3.2.2.3. Respecto ao alumnado:***

- Facilitar a transición da educación primaria á educación secundaria. Celebrarase unha xornada de portas abertas, no mes de xuño, dirixida ao alumnado dos centros adscritos, se a situación sanitaria actual o permite.
- Axudar o alumnado a tomar decisións sobre as distintas opcións que se lles presentan ao remate de cada curso/etapa, tanto a nivel formativo como profesional, a través do asesoramento individual e grupal.
- Diseñar e levar a cabo accións específicas que faciliten a transición do sistema educativo ao mundo laboral, con especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Informar sobre a formación profesional básica e sobre a valoración da experiencia laboral.



- O departamento de orientación porá a disposición do alumnado información relativa ás ensinanzas de réxime especial.

#### **3.2.2.4. Outras:**

- Asesorar a toda a comunidade educativa sobre as posibilidades que ofrece o sistema educativo, facilitando a madurez vocacional e a toma de decisións do alumnado.
- Promover a colaboración con diferentes entidades públicas e privadas en relación coa formación e información académica e profesional.
- Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación no asesoramento e información ao alumnado e ás familias:
  - Información na aula virtual e na páxina web do centro.
  - Difusión do blog sobre orientación académica e profesional ([blogueorientagal.wordpress.com](http://blogueorientagal.wordpress.com)) elaborado en colaboración con outros orientadores e orientadoras de distintos centros educativos de Galicia.
  - Busca de información polo propio alumnado, co obxecto de que adopte decisións autónomas e responsables sobre o seu futuro de formación e emprego.
  - Difusión de experiencias e materiais.

No marco do Plan de Orientación Académica e Profesional, no presente curso académico prográmanse as seguintes actividades para levar a cabo co alumnado:

1º ESO		
BLOQUES TEMÁTICOS	CONTIDOS	RECURSOS
<b>AUTOCONECEMENTO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cualidades.</li> <li>▪ Aficións.</li> <li>▪ Aptitudes.</li> <li>▪ Rendemento académico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cadernos de orientación de distintas editoriais.</li> <li>▪ Cuestionarios on line.</li> <li>▪ Páxina web do centro (dpto. orientación).</li> <li>▪ Vídeos.</li> <li>▪ Blogs de orientación.</li> <li>▪ Sesión informativa da persoa orientadora.</li> </ul>
<b>COÑECEMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Estrutura do sistema educativo.</li> <li>▪ Características da etapa de ESO: materias de 1º, promoción e titulación.</li> <li>▪ Materias de 2º ESO.</li> </ul>	
<b>COÑECEMENTO DO MUNDO LABORAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Profesións.</li> </ul>	
<b>TOMA DE DECISIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Pasos a seguir nunha toma de decisións.</li> </ul>	

<b>2º ESO</b>		
<b>BLOQUES TEMÁTICOS</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>RECURSOS</b>
<b>AUTOCOÑECEMENTO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cualidades/limitacións.</li> <li>▪ Intereses profesionais.</li> <li>▪ Aptitudes.</li> <li>▪ Rendemento académico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cadernos de orientación de distintas editoriais.</li> <li>▪ Cuestionarios on line.</li> <li>▪ Páxina web do centro (dpto. orientación).</li> <li>▪ Vídeos.</li> <li>▪ Blogs de orientación.</li> <li>▪ Sesión informativa da persoa orientadora.</li> </ul>
<b>COÑECEMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Estrutura do sistema educativo.</li> <li>▪ Criterios de promoción.</li> <li>▪ Opcións académicas ao rematar 2º de ESO.</li> <li>▪ Materias de 3º ESO.</li> </ul>	
<b>COÑECEMENTO DO MUNDO LABORAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Profesións.</li> </ul>	
<b>TOMA DE DECISIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elección de materias para 3º ESO.</li> </ul>	

3º ESO		
BLOQUES TEMÁTICOS	CONTIDOS	RECURSOS
<b>AUTOCOÑECEMENTO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Intereses profesionais.</li> <li>▪ Aptitudes.</li> <li>▪ Rasgos de personalidade.</li> <li>▪ Análise do historial académico: motivación, puntos fortes e débiles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cadernos de orientación de distintas editoriais.</li> <li>▪ Cuestionarios on line.</li> <li>▪ Páxina web do centro (dpto. orientación).</li> <li>▪ Vídeos.</li> <li>▪ Blogs de orientación.</li> <li>▪ Taboleiro do dpto. orientación.</li> <li>▪ Sesións informativas da persoa orientadora.</li> <li>▪ Charlas informativas de persoal alleo ao centro (outros IES, Universidades, Forzas Armadas, profesionais de distintos ámbitos laborais, ...).</li> <li>▪ Entrevistas individuais coa persoa orientadora.</li> </ul>
<b>COÑECEMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Criterios de promoción e titulación na ESO.</li> <li>▪ Itinerarios académicos en 4º ESO.</li> <li>▪ Opcións co título da ESO.</li> <li>▪ Opcións sen o título da ESO.</li> </ul>	
<b>COÑECEMENTO DO MUNDO LABORAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Profesións.</li> <li>▪ Profesiograma. Cuestionario dunha profesión.</li> <li>▪ Oposicións.</li> </ul>	
<b>TOMA DE DECISIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elección do itinerario educativo e materias de 4º de ESO.</li> </ul>	

4º ESO		
BLOQUES TEMÁTICOS	CONTIDOS	RECURSOS
<b>AUTOCOÑECEMENTO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Intereses profesionais.</li> <li>▪ Aptitudes.</li> <li>▪ Personalidade.</li> <li>▪ Rendemento académico.</li> <li>▪ Valores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cadernos de orientación de distintas editoriais.</li> <li>▪ Cuestionarios on line.</li> </ul>
<b>COÑECEMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Estrutura do sistema educativo.</li> <li>▪ Criterios de titulación.</li> <li>▪ Opcións académicas co título da ESO.</li> <li>▪ Opcións académicas sen título da ESO.</li> <li>▪ Bolsas e axudas.</li> <li>▪ Prazos de admisión e matrícula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Páxina web do centro (dpto. orientación).</li> <li>▪ Outras páxinas web (CIUG, Consellería Educación, MEC, Universidades,...).</li> <li>▪ Vídeos.</li> </ul>
<b>COÑECEMENTO DO MUNDO LABORAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Profesións.</li> <li>▪ Profesiograma. Cuestionario dunha profesión.</li> <li>▪ Oposicións.</li> <li>▪ SEPE (Servicio Público de Empleo Estatal)/Empresas de traballo temporal.</li> <li>▪ Formación ocupacional.</li> <li>▪ Proceso de inserción laboral: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Carta de presentación.</li> <li>✓ Curriculum vitae.</li> <li>✓ Pruebas psicotécnicas.</li> <li>✓ Entrevistas de selección.</li> <li>✓ Autoemprego.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Blogs de orientación.</li> <li>▪ Taboleiro do dpto. orientación.</li> <li>▪ Sesións informativas da persoa orientadora.</li> <li>▪ Charlas informativas de persoal alleo ao centro (outros IES, Universidades, Forzas Armadas, profesionais de distintos ámbitos laborais, ...).</li> </ul>
<b>TOMA DE DECISIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proceso de toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Identificar as diferentes alternativas.</li> <li>✓ Sopesar os pros e contras de cada alternativa.</li> <li>✓ Decidir e elaborar un plan de acción.</li> <li>✓ Deseño do itinerario persoal.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Entrevistas individuais coa persoa orientadora.</li> </ul>

--	--	--

<b>1º e 2º BACHARELATO</b>		
<b>BLOQUES TEMÁTICOS</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>RECURSOS</b>
<b>AUTOCOÑECEMENTO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aptitudes.</li> <li>▪ Personalidade.</li> <li>▪ Rendemento académico.</li> <li>▪ Intereses profesionais.</li> </ul>	
<b>COÑECEMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Criterios de promoción e titulación.</li> <li>▪ Cambio de modalidade.</li> <li>▪ Opcións académicas co título de Bacharel.</li> <li>▪ Opcións académicas sen título de Bacharel.</li> <li>▪ Bolsas, axudas e premios.</li> <li>▪ Prazos de admisión e matrícula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionarios on line.</li> <li>▪ Páxina web do centro (dpto. orientación).</li> <li>▪ Outras páxinas web (CIUG, Consellería Educación, MEC, Universidades,...).</li> </ul>
<b>COÑECEMENTO DO MUNDO LABORAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O mercado laboral.</li> <li>▪ Oposicións.</li> <li>▪ SEPE (Servicio Público de Empleo Estatal).</li> <li>▪ Empresas de traballo temporal (ETT)</li> <li>▪ Formación ocupacional.</li> <li>▪ Proceso de inserción laboral: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Carta de presentación.</li> <li>✓ Curriculum vitae.</li> <li>✓ Probas psicotécnicas.</li> <li>✓ Entrevistas de selección.</li> <li>✓ Autoemprego.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Blogs de orientación.</li> <li>▪ Taboleiro do dpto. orientación.</li> <li>▪ Sesións informativas da persoa orientadora.</li> <li>▪ Charlas informativas de persoal alleo ao centro (outros IES, Universidades, Forzas Armadas, profesionais de distintos ámbitos laborais, ...).</li> </ul>
<b>TOMA DE DECISIONS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º BACH: elección das materias de 2º.</li> <li>▪ 2º BACH: elección de estudos posteriores ou incorporación ao mundo laboral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Entrevistas individuais coa persoa orientadora.</li> </ul>

Na ESO, estas actuacións levaranse a cabo na hora presencial de titoría, e os orientadores tamén atenderán ao alumnado nos recreos fixados nos seus respectivos horarios.

Co alumnado de bacharelato realizaranse reunións colectivas cos distintos grupos dos dous cursos da etapa, en horas de clase cedidas polo profesorado, e asesoramento individualizado nos recreos que fixen os orientadores.

Ao alumnado da educación das persoas adultas (ESA e bacharelato), proporcionaráselles asesoramento individualizado, en horario de tarde (os luns).

### **3.2.3. NO ÁMBITO DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

#### ***3.2.3.1. Respecto ao profesorado:***

- Colaborar cos departamentos didácticos no deseño e implementación de medidas que favorezan o desenvolvemento persoal, social e cognitivo e para que se potencie a aprendizaxe das materias que por teren carácter instrumental van facilitar a adquisición doutros contidos curriculares.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precisa o alumnado.
- Colaborar cos departamentos que o demanden na elaboración ou revisión das súas programacións e sobre as medidas de atención á diversidade; incidindo na necesidade de que se contemplen distintos niveis de dificultade que dean resposta á diversidade presente nas aulas.
- Fomentar a coordinación entre as ensinanzas de educación primaria, secundaria obrigatoria e postobrigatoria coa finalidade de garantir o principio de continuidade da orientación na escolarización do alumnado.
- Colaborar co profesorado na prevención, detección e tratamento de dificultades de aprendizaxe.
- Impulsar a realización, por parte do profesorado, dunha avaliación inicial do alumnado e colaborar na avaliación inicial do alumnado que inicia a educación secundaria obrigatoria, realizando as avaliacións psicopedagóxicas que como consecuencia se consideren pertinentes.

O departamento aplicará, como parte desta avaliación inicial, unha batería de aptitudes intelectuais a todas as alumnas e alumnos que comezan a educación secundaria obrigatoria.

- Asesorar aos titores/as e ao profesorado en xeral na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención á diversidade.
- Asesorar e facilitar instrumentos e materiais necesarios ao profesorado implicado na elaboración e desenvolvemento de adaptacións curriculares significativas e reforzos educativos.
- Levar a cabo un seguimento/revisión e modificación das medidas de atención á diversidade adoptadas, en colaboración cos titores/as e profesorado do grupo.
- Colaborar na identificación de alumnos e alumnas para agrupamentos flexibles, programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento, exención de cursar a 2ª Lingua Estranxeira e ciclos de formación profesional básica.
- Colaborar co profesorado no afianzamento de hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das capacidades do alumnado, así como afianzar o sentido do traballo en equipo, a valoración das aportacións dos demais e o respecto a outras formas diferentes de pensar.
- Informar ao profesorado dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas levadas a cabo nos cursos anteriores e das que se realicen no presente curso.

#### **3.2.3.2. *Respecto ao alumnado:***

- Revisar os expedientes do alumnado que comeza a ESO e do que se incorpora ao centro.
- Solicitar información sobre este alumnado aos centros de orixe, canalizando a información a través dos departamentos de orientación.
- Identificar as necesidades específicas de apoio educativo.
- Levar a cabo as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que o precise, nos prazos de tempo que permitan ofrecerlle a resposta educativa máis axeitada.
- Elaborar e actualizar informes para aqueles alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.
- Atender directamente as demandas do alumnado en relación con calquera aspecto que inflúa no seu proceso de ensinanza/aprendizaxe e/ou no seu desenvolvemento persoal e social.



- Participar no deseño e colaborar no desenvolvemento de programas específicos de aprendizaxe para o alumnado procedente do estranxeiro, dirixidos tanto ao coñecemento da lingua e da cultura como a actuar sobre as súas posibles carencias de coñecementos básicos.
- Revisar e modificar as medidas de apoio e/ou reforzo que estea a recibir o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- Facer un seguimento do alumnado con adaptación curricular significativa e asesorar e apoiar ao profesorado na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

#### **3.2.3.3. *Respecto ás familias:***

- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos.
- Orientalas para que asuman responsablemente a educación dos seus fillos e fillas.
- Orientar ás familias do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, de cara a conseguir o maior grao de implicación nas actividades de reforzo e apoio á aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

#### **3.2.3.4. *Respecto ao centro:***

- Asesorar e colaborar na revisión do proxecto educativo.
- Participar na recollida e actualización de datos sobre o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e sobre as medidas específicas de atención á diversidade que se están a levar a cabo no centro.
- Promover actuacións dirixidas á mellora continua da calidade.
- Favorecer unha educación intercultural e impulsar a aplicación do plan de acollida para o alumnado procedente do estranxeiro.
- Asistir ás sesións de avaliación.
- Contribuír á dinamización do funcionamento das estruturas organizativas do centro, analizando os posibles cambios que se deban introducir para optimizar a utilización dos recursos existentes.
- Colaborar co equipo de biblioteca no deseño e desenvolvemento do proxecto lector.
- Propor medidas encamiñadas a diminuír o absentismo escolar e o abandono temperán de estudos.

- Colaborar na detección de necesidades de formación permanente do profesorado do centro e dinamizar a participación dos equipos docentes en proxectos e programas de innovación.

#### **3.2.3.5. Outras:**

- Informar e asesorar a toda a comunidade educativa sobre lexislación en materia educativa.
- Asesorar aos equipos docentes e aos equipos directivos en temas de avaliación, promoción e titulación, as posibles consecuencias para o alumnado das correspondentes decisións e as opcións académicas e profesionais que delas se derivan, así como asesoramento ao alumnado e ás súas familias.
- Deseñar, en colaboración cos equipos de orientación específicos, accións de atención temperá que proporcionen respostas educativas apropiadas e adaptadas de carácter preventivo e compensador ás necesidades educativas específicas.
- Traballar cos profesionais dos servizos sociais no desenvolvemento de actividades e programas de carácter preventivo destinados a alumnos/as e/ou a pais e nais e intercambio de información recollida sobre alumnado escolarizado no centro.
- Colaborar con outros servizos da zona (Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil, centros sanitarios, gabinetes psicopedagóxicos...).
- Coordinar as actuacións que se levarán a cabo co alumno con atención educativa domiciliaria e actuar de canle entre a familia e o IES. O orientador terá unha reunión semanal de coordinación coa profesora de atención domiciliaria.
- Coordinar as actuacións dos distintos profesionais que interveñen na aula específica de educación especial, habilitada no curso 2019/2020, e colaborar co equipo directivo e o profesorado para dar a resposta educativa máis adecuada ás necesidades educativas especiais do alumnado que asiste a esta aula.

#### **3.2.3.6. Apoio do profesorado de pedagogía terapéutica (PT) e de audición e linguaxe (AL):**

- **Destinatarios:**

O profesorado de PT/AL prestará atención docente directa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo:

- ✓ Necesidades educativas especiais: alumnado que require, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
- ✓ Dificultades específicas de aprendizaxe.
- ✓ Trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- ✓ Altas capacidades intelectuais.
- ✓ Incorporación tardía ao sistema educativo.
- ✓ Condicións persoais ou de historia escolar.

O profesorado de pedagogía terapéutica apoiará prioritariamente a:

- ◆ Aqueles alumnos/as con medidas extraordinarias de atención á diversidade (ACS).
- ◆ Aquel alumnado que presente necesidades específicas aínda que non requira modificación dos elementos básicos do currículo; sempre que estas necesidades non poidan ser resoltas polo propio profesor/a.

*A atención ao segundo grupo de alumnos/as non debe supoñer reducir a atención que require o alumnado con adaptación curricular significativa, principal destinatario das actuacións do profesorado especialista de pedagogía terapéutica.*

O/A especialista en audición e linguaxe apoiará prioritariamente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a dificultades de tipo comunicativo-lingüístico. Unha vez atendidas estas necesidades, se aínda ten dispoñibilidade horaria, prestará atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio nas linguas, cos mesmos criterios que o profesorado de pedagogía terapéutica.

- **Criterios específicos para a aplicación do apoio:**

- ◆ Os criterios de normalización e inclusión deben presidir todas as decisións e deberán ser compatibles co de máxima eficacia, de xeito que a intervención deste profesorado especialista farase só cando sexa a opción máis ventaxosa para o alumno/a.
- ◆ En ningún caso, o alumnado poderá recibir atención docente directa por parte do profesorado de PT/AL, sen a prescritiva avaliación psicopedagóxica.

- ◆ Trátase dunha medida reversible e poderá ter un carácter temporal ou para todo o curso académico.
- ◆ O apoio complementará pero nunca substituirá á acción educativa ordinaria.
- ◆ Garantírase a coordinación de todos os profesionais implicados no proceso, así como a revisión periódica e sistemática das distintas actuacións.
- ◆ O traballo debe centrarse nos elementos da adaptación que son máis difíciles de abordar polo profesorado ordinario, debido á especialización que requiren ou á especificidade das tarefas, recursos, materiais...
- ◆ Realízase, prioritariamente, nas materias instrumentais (Lingua Galega/Castelá e Matemáticas) e naqueles outros aspectos básicos para a adquisición de aprendizaxes (atención, memoria, razoamento...).
- ◆ O horario de apoio coincidirá co horario do grupo de referencia nas materias que se van a reforzar.
- ◆ Evítanse as saídas durante o horario semanal completo dunha mesma materia.

- **Criterios para decidir a modalidade de apoio:**

- ◆ A modalidade de apoio determinarase en cada caso en función de:
  - As necesidades detectadas.
  - As posibilidades humanas, materiais e organizativas do centro.
  - Dar prioridade ás respostas inclusivas.
- ◆ O apoio debe planificarse de forma individualizada e flexible (tanto no que se refire á modalidade como ás técnicas, actividades, número de sesións...).
- ◆ Sempre que sexa posible, o apoio realizase dentro da aula ordinaria, de acordo co recollido no artigo 19 da Orde do 27 de decembro de 2002 *pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais*. Este artigo establece que “ditas intervencións serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, do que forman parte, en colaboración co titor do grupo ó que pertence o alumno. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a **terceira**

**parte da xornada escolar.** A coordinación desas actuacións corresponde á xefatura de estudos”.

- **Avaliación e rexistro:**

- ◆ A avaliación do progreso deste alumnado realizarana conxuntamente o profesorado de materia e o profesorado de PT/AL, nunha reunión previa a cada sesión de avaliación que se celebre ao longo do curso e na que decidirán as cualificacións nas materias nas que reciben apoio.

- ◆ No apartado de observacións do informe trimestral de información ás familias, o profesorado de apoio poderá incluír aqueles aspectos que considere relevante comunicar á familia.

- ◆ A atención docente do profesorado de PT/AL, quedará rexistrada nos documentos correspondentes como RE (reforzo educativo), no caso de alumnado que non teña adaptación curricular significativa.

- ◆ Ao final do curso elaborárase, en coordinación co profesorado, un informe final para cada alumno/a.

- **Comunicación coas familias:**

- ◆ É importante manter un contacto periódico coas familias para informalas sobre a intervención especializada que se está a realizar cos seus fillos/as.

- **Coordinación co profesorado:**

- ◆ Para deseñar o plan de traballo destes especialistas e garantir, deste xeito, a conexión e continuidade do traballo realizado, é imprescindible a coordinación entre o profesorado de apoio e o profesorado que imparte as materias na aula ordinaria. Con este obxecto, realizaranse reunións periódicas para concretar os contidos que se van reforzar, avaliar a evolución dos alumnos/as e adoptar as decisións oportunas.

### **3.2.3.7. Aportacións do departamento ao proxecto lector e ao plan anual de lectura.**

- **OBXECTIVOS:**

- **Co alumnado:**

- 📖 Promover a consolidación de hábitos lectores e escritores.
- 📖 Incrementar a capacidade do alumnado para ler con exactitude, fluidez e comprensión.
- 📖 Contribuír á mellora da expresión oral e escrita.
- 📖 Favorecer o emprego da biblioteca escolar.
- 📖 Potenciar a biblioteca como centro de recursos e fonte de información.
- 📖 Promover a lectura como vía de acceso á información.
- 📖 Desenvolver a autonomía do alumnado, potenciando o seu sentido crítico e selectivo en canto ás lecturas.
- 📖 Buscar, localizar e seleccionar información en textos escritos en diferentes soportes (webs, libros, folletos, revistas...).

#### **Co profesorado:**

- 📖 Asesorar ao profesorado no deseño e desenvolvemento das medidas recollidas no proxecto lector do centro e no plan anual de lectura.

#### **Coas familias:**

- 📖 Impulsar o uso da biblioteca escolar, onde o departamento de orientación porá a disposición das familias libros con orientacións sobre diferentes temas relacionados coas súas fillas e fillos.

#### • **ACTUACIÓNS CO ALUMNADO:**

##### ❖ **No ámbito da orientación académico-profesional:**

- Consultar textos, en soporte impreso (revistas, folletos, libros...) e dixital sobre saídas laborais e profesionais.

##### ❖ **No ámbito da acción titorial:**

- Cando se abordan os temas transversais na titoría e cando se organizan actividades para as celebracións (día da Paz, contra a violencia...), o alumnado ten que informarse, buscar e seleccionar información en libros, revistas, periódicos, internet, letras de

cancións...; facer murais, debates, exposicións, reflexións escritas, entrevistas...

- No programa de técnicas e hábitos de estudo abórdanse directamente actividades relacionadas coa lectura: lectura comprensiva, velocidade lectora, aprender a facer resumos e esquemas...

❖ **No ámbito do apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe:**

- Nas avaliacións psicopedagóxicas avalíanse, entre outros aspectos, o nivel lector e escritor e a expresión oral do alumnado e proporciónanselles pautas ao profesorado e as familias para tentar superar as dificultades detectadas.
- O departamento de orientación poderá proporcionar ao profesorado que imparte as dúas horas de reforzo de Lingua para o alumnado exento de 2ª Lingua Estranxeira, en 1º e 2º de ESO, material que inclúe actividades relacionadas coa lectura e a escritura.
- O profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe traballará directamente co alumnado diferentes aspectos relacionados coa lectura (velocidade, comprensión, fluidez, exactitude) e a escritura (ortografía, grafía, exactitude, expresión escrita)

#### **4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**

Para o desenvolvemento das actuacións recollidas no presente Plan o departamento de orientación empregará as seguintes estratexias:

- ✓ Reunións co equipo directivo, titores/as e profesorado en xeral.
- ✓ Entrevistas individuais co alumnado e as familias.
- ✓ Charlas informativas para familias, alumnado e profesorado.
- ✓ Elaboración de material.
- ✓ Asesoramento directo ao alumnado, grupal e individualmente.
- ✓ Programas de intervención: educación sexual, prevención de trastornos alimentarios, hábitos e técnicas de estudo, orientación vocacional...

- ✓ Instrumentos e probas psicopedagógicas para as avaliacións psicopedagógicas (cuestionarios e enquisas sobre diversas cuestións, escalas de intelixencia, aptitudes, intereses, personalidade...).

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación do Plan levarase a cabo en dous momentos: durante o seu desenvolvemento, o que permitirá realizar as oportunas modificacións; e ao remate do curso, para valorar o grao de consecución dos obxectivos e propoñer melloras de cara ao seguinte curso.

Para realizar o seguimento e avaliación deberanse ter en conta as valoracións que se realicen:

- ⇒ Nas reunións da comisión de coordinación pedagóxica.
- ⇒ Nas reunións do departamento de orientación.
- ⇒ Nas reunións de coordinación dos titores e titoras coa orientadora.
- ⇒ Nas reunións de claustro.
- ⇒ Nas sesións de avaliación.
- ⇒ Nas memorias dos distintos departamentos didácticos.

Así mesmo, dende o departamento promoverase a cumprimentación de protocolos e cuestionarios onde se analice o grao de satisfacción da comunidade educativa con dito plan.

Entre os criterios de avaliación podemos sinalar os seguintes:

- ⇒ Adecuación dos obxectivos e as actuacións ás necesidades do centro e do alumnado.
- ⇒ Grao de satisfacción e implicación dos diferentes membros da comunidade educativa.
- ⇒ Utilización de recursos variados e motivadores.
- ⇒ Adecuación dos materiais e recursos empregados.

A valoración global das accións realizadas reflectirase nunha memoria final, na que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos previstos no plan, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse no curso seguinte.



**PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E  
AUDICIÓN E LINGUAXE.  
CURSO 2023-2024**

**Índice**

**Lexislación.**

**Alumnado que recibe apoio en relación as súas NEAE.**

**Organización horaria.**

**Obxectivos.**

**Estratexias Metodolóxicas.**

**Recursos.**

**Avaliación**

## LEXISLACIÓN A TER EN CONTA:

- **LOMLOE.** Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación
- **Decreto 156/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 155/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 150/2022**, do 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **ORDE do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

## 1. ALUMNADO QUE RECIBE APOIO. DIFICULTADES E ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

Alumnos e alumnas das distintas aulas de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) reciben atención docente directa por parte dos especialistas de PT e AL para traballar as súas adaptacións curriculares (ACS).

As materias nas que se vai intervir son Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá; así como, excepcionalmente e sempre que as necesidades así o permitan, apoiarase as materias de Xeografía e Historia, e de Bioloxía e Xeoloxía. As actuacións a realizar co alumnado serán deseñadas sempre a partires dos principios de normalización e inclusión, tal e como se recolle na normativa vixente.

Ao longo do curso irase incorporando aquel alumnado que presente algunha necesidade específica, previa valoración dos orientadores do centro.

Durante este curso continúa escolarizado na aula específica un alumno en 4º da ESO en modalidade combinada con necesidades educativas especiais asociadas a una PCI, eu unha alumna en 3º da ESO con necesidades educativas especiais asociadas a TEA, tamén en escolarización combinada.

## 2. ORGANIZACIÓN HORARIA

O alumnado recibe apoio nas distintas materias á mesma hora que teñen esa materia na aula ordinaria.

Así mesmo na aula específica atenderase ao alumno con necesidades especiais. Os luns e martes, alumna con TEA , e mércores, xoves e venres o alumno con PCI. Os demais días acoden os seus respectivos centros específicos.

O horario é flexible, aberto a calquera modificación segundo as necesidades que vaian aparecendo a partir da avaliación inicial e ao longo do curso.

A continuación, será presentado o horario das mestras de PT e da mestre de AL:

### PT (M<sup>a</sup>José Castro Mangana)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>8:30-9:20</b>			GARDA	GARDA	
<b>9:20-10:10</b>	PT	PT	PT	PT	ATENCIÓN PAIS
<b>10:10-11:00</b>	.	.PT	PT	.PT	PT
<b>11:00-11:30</b>					
<b>11:30- 12:20</b>	PT	PT	PT	PT	PT
<b>12:20- 13:10</b>	PT	PT	PT	PT	
<b>13:10-14:00</b>		PT			
<b>16:00-16:50</b>	PT				
<b>16:50- 17:40</b>	PT				

**PT (Lorena Barandela Prieto)**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>8:30-9:20</b>	PT		PT	PT	PT
<b>9:20-10:10</b>		PT	PT	PT	PT
<b>10:10-11:00</b>	PT	.PT	PT	ATENCIÓN PAIS	PT
<b>11:00-11:30</b>					
<b>11:30- 12:20</b>	PT	PT	PT	PT	PT
<b>12:20- 13:10</b>		PT	PT	PT	
<b>13:10-14:00</b>				GARDA	

**PT (Lucía España Fariñas)**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>8:30-9:20</b>	PT	PT	PT		
<b>9:20-10:10</b>	PT	PT	PT		
<b>10:10-11:00</b>	.PT	.PT	PT	.	
<b>11:00-11:30</b>					
<b>11:30- 12:20</b>	PT				
<b>12:20- 13:10</b>	PT	PT			
<b>13:10-14:00</b>		PT			

**AL (Mónica Rodríguez Martínez)**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30-9:20		AL			AL
9:20-10:10		AL	AL		AL
10:10-11:00	.	.AL	GARDA	AL	AL
11:00-11:30					
11:30- 12:20	AL	AL	AL	AL	ATENCIÓN PAIS
12:20- 13:10	GARDA	AL	AL	AL	AL
13:10-14:00	AL		AL	AL	AL

**AULA DE EDUCACIÓN ESPECIAL**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30-9:20	PT	PT	PT	PT	PT
9:20-10:10	PT	AL	AL	PT	PT
10:10-11:00	.PT	AL	PT	.AL	AL
11:00-11:30					
11:30- 12:20	PT	AL	PT	PT	PT
12:20- 13:10	PT	PT	PT	AL	AL
13:10-14:00	AL	PT	AL	AL	AL

### 3. OBXECTIVOS

#### En relación co alumnado:

- Que cada alumno/a desenvolva ao máximo posible as súas potencialidades:
  - × Favorecer o desenvolvemento das capacidades persoais.
  - × Facilitar o acceso e desenvolvemento do currículo.
  - × Favorecer a súa integración.
  - × Fomentar o hábito de traballo diario e o estudo sistemático.
  - × Mellorar a autoestima e autoconcepto do alumnado, aumentando a seguridade en si mesmo/a e a confianza nas súas posibilidades.
  - × Favorecer o proceso de aprendizaxe autónoma.
- Dar resposta ás necesidades e intereses dos alumnos e alumnas, programando os contidos en función dos mesmos, na medida do posible.

#### En relación co profesorado/orientadores:

- Participar na prevención, detección e valoración das dificultades de aprendizaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como na elaboración e actualización das adaptacións curriculares significativas.
- Elaborar actividades educativas de apoio para o alumnado, así como facilitar ao profesorado materiais de apoio para o traballo na aula ordinaria.
- Coordinarse cos orientadores e o profesorado, para que o traballo que se leva a cabo nas aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe sintonice co que se desenvolva na aula ordinaria.

#### En relación coas familias:

- Implicar ás familias no proceso de aprendizaxe, para que as aprendizaxes teñan a proxección correspondente no ámbito familiar.

#### Respecto ás materias de Lingua e Matemáticas:

- Mellorar a lectoescritura.
- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
- Usar a lingua para expresarse de forma coherente e axeitada nos diversos contextos, adoptando una actitude respectuosa.
- Empregar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.

- Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
- Reforzar as operacións básicas.
- Interpretar información que conteña linguaxe matemático.
- Realizar problemas aplicando diferentes estratexias de resolución.
- Fomentar o uso das TICS no proceso de ensino-aprendizaxe.

#### 4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

Acomodarase o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno/a, o que poderá traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación profesional e familiar.

Trátase de que a cada alumno e alumna se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo respectando o seu ritmo de aprendizaxe, de maneira que cada un vaia construíndo o seu coñecemento, e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Podemos dicir que os criterios xerais para as liñas metodolóxicas son os seguintes:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado (avaliación inicial).
- Propoñer actividades e procedementos de avaliación diversificados, adaptados aos diferentes niveis e intereses.
- Propoñer actividades que lle permitan realizar aprendizaxes partindo sempre do que xa saben.
- Aprendizaxes funcionais e significativas, potenciando a xeneralización fóra da aula.
- Potenciar a implicación do alumnado nas aprendizaxes, incrementando a súa participación e colaboración.

Seguindo nesta liña, podemos afirmar que a atención á diversidade pasa por dous eixes fundamentais:

1 Favorecer a motivación do alumnado, a súa predisposición para a aprendizaxe:

- Aproximando os contidos curriculares aos seus intereses e á súa vida cotiá.
- Tendo en conta os estilos de aprendizaxe.
- Utilizando métodos activos e variados.
- Favorecendo as interaccións positivas entre os membros do grupo-clase.

2 Adecuar os contidos que se queiran ensinar ás aptitudes e dificultades de aprendizaxe de cada alumno e alumna:

- Identificando os obxectivos mínimos.
- Secuenciando os contidos por orde de dificultade.
- Secuenciando as actividades de aprendizaxe dun determinado contido partindo do concreto ao abstracto e do sinxelo ao complexo.
- Detectando rapidamente as dificultades do alumnado e facilitando as ferramentas para superalas.

A metodoloxía que se vai empregar dependerá en gran medida de:

- Os tipos de contidos a traballar.
- O nivel de autonomía do alumnado.
- Os ritmos de aprendizaxe, capacidades e intereses.
- As características do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Das posibilidades de acceso a medios tecnolóxicos dos que dispoñan os alumnos/as e o centro.

É imprescindible unha boa coordinación entre todos os profesionais do centro implicados na educación dos alumnado que presenta dificultades, e co Departamento de Orientación; ademais de coa propia familia a fin de favorecer o intercambio de información. Para isto faranse reunións periódicas con todos eles.

## 5. RECURSOS

Os **recursos humanos** estarán constituídos basicamente por:

- Profesorado titor.
- Profesorado das materias.
- Mestras especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.
- Especialista da ONCE.
- Orientadores.
- Coidadora.

**Recursos externos o centro:**

- CEE Ilustre Mestre,
- CEE Miño.
- Gabinetes externos privados.

Os **recursos materiais:**

- **Impresos:**



- Manuais, libros de texto, ACS de distintas editoriais, dicionarios, materiais de reforzo para Matemáticas e Lingua.
- Revistas, periódicos, contos.
- **TICS:**
  - Ordenador, pizarra dixital, tablet, aplicacións informáticas, materiais de diferentes páxinas educativas.
- **Material funxible:**
  - Tesoiras, pegamento, rotuladores...
- **Materiais manipulativos:**
  - Xogos educativos, dominós, crebacabezas.....
  - Materiais para a reeducación da fala e da linguaxe.
- **Materiais da aula específica:**
  - Colchonetas
  - Padiola
  - Mesa adaptada
  - Espello
  - Recursos Teacch

## 6. AVALIACIÓN

Segundo o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, *polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

Para pór en marcha os obxectivos propostos anteriormente é necesario levar a cabo unha avaliación tanto a nivel centro como de contexto e alumnado ao longo de tres importantes momentos: inicial, continua e final.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo que poderán levarse a cabo en calquera momento do curso, tan pronto como sexan detectadas as dificultades. Estas medidas estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Estableceranse medidas o máis adecuadas posibles para que as condicións de realización das avaliacións se adapten aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

Realízase unha avaliación inicial no mes de setembro/outubro para elaborar os plans de intervención daqueles nenos/as que serán atendidos polos PT/AL. Do mesmo xeito, ao longo do curso levarase a cabo unha avaliación continua e formativa que nos proporcionará información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, podendo modificar diversos aspectos en función do que obteñamos. Ademais no caso das ACS, o alumno/a será avaliado en función dos criterios de avaliación fixados nestas. Todo o traballo será revisado periodicamente coa finalidade de modificar a resposta educativa elixida.

Elaborarase un informe final cualitativo que reflicta os obxectivos traballados, alcanzados e non alcanzados. Tamén reflectirá o modo de traballar co alumno/a, sendo punto de referencia para o curso seguinte.